

Santiago Casal Quintáns (Compostela, 1958).

Defínome como un home renacentista. Como explicar se non os meus intereses diversos: vendedor de extintores, profesor de linguas mortas, de inglés, de graduado escolar para corpos de seguridade. Delegado editorial, editor, crítico literario, limpador de letrinhas, sauna e baños turcos, traballos en altura e en baixura, buceador para recoller lixo, monitor de actividades extraescolares, profesor de Educación Física en centros de primaria e secundaria, árbitro de fútbol, condutor de pisóns e lagartos, profesor de tenis, padel, ioga, fútbol amateur, transportista, controlador de produción en excavacións, adegueiro, estibador, periodista, deseñador gráfico, xardiñeiro, pintor, divulgador médico, peixeiro en cadea de produción...

Pero, co paso do tempo, viñen a centrarme nas dúas vocacións –aparte da frustrada de médico– que máis e mellor enchen as miñas inquedanzas: a escrita e a fotografía:

ESCRITOR

Autorías: os poemarios “Pasión abrumadoramente escasa”, Ed. Tambre; “Las horas perdidas”, Ed. Támea. Coautor de “Oleiros, o paraíso descuberto”, Ed. Toxosoutos.

Na investigación, son autor de: “Historia de Oleiros”, Ed. Támea; “Manual de supervivencia frente al stress”, Ed. Toxosoutos; “Costa da morte”, Neria. “Guía de portos deportivos”, “Galegos. A Galicia do Século XXI”.

Teño publicado as novelas: “Cartas a Elisa” (lingua galega) e “El último periodista”.

En Julio de 2014 publico o ensaio “La crisis del sistema. Teoría del Racionalismo esperpéntico”, Ed. Vivelibros. En 2016 ve a lus “Alcoholismo. La bestia silenciosa”, Ed. Vivelibros.

Premios:

Iolanda: Primer Premio “Narra Breve”, Ayuntamiento de A Coruña (2009)

La muchacha del auto amarillo: primeiro premio no certame de relatos LUIS DEL VAL (2012)

La muerte inútil de Patrice Matata: I premio do Concurso de microrrelatos de AMNISTÍA INTERNACIONAL GALICIA. Vigo, 2012).

Duelo: Finalista no I Certamen de microrrelatos instituído pola Universidade de A Coruña (2012).

Huídas: Finalista no II Certamen de relato breve contemporáneo, Asociación de estudos universitarios de Galicia, 2012.

La chica de la biblioteca: Finalista no I Certamen Internacional de Relato breve contemporáneo, Asociación cultural de estudos universitarios de Galicia (2013).

Marina: Segundo premio no “I Certamen Internacional de relato “Letras del Parnaso”, 2013.

¡Oh, el amor!: Finalista no Certamen Internacional de microrrelatos “Palabras contadas”, Ed. La Fragua del Trovador, Zaragoza, 2016.

Como fotógrafo teño recibido o 1º premio no “Concurso de Fotografía Medioambiental Concello de Oleiros”, accésit no “Concurso de Fotografía Ventanas al Mar”, Concello de A Coruña, e o 2ª premio no concurso organizado polo CSIC no ano 2012: “Árboles, patrimonio vivo”.

Blogs:

<http://sondeoleiros.blogspot.com.es/>

<http://eladaliddelalibertad.wordpress.com/>